



CONVOCATORIA

Conforme co disposto pola Alcaldía, convócaselle á sesión do órgano que se indica, que se realizará na data, hora e lugar expresados, para tratar dos asuntos da Orde do Día transcrita.-

Sesión de: Pleno

Convocatoria: Ordinaria

Data da sesión: 29 de agosto do 2019

Hora: 20.00

Lugar: Casa do Concello

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación da acta da sesión anterior, núm. 11/2019.-

2º.- Modificación créditos 26/2019. CE 03/2019.-

3º.- POS+2019 Adicional 1/2019: CIRCULAR MAIOR ACHEGA AO POS 2019 (investimentos financeiramente sostibles): 2ª fase: Instalación colector pluviais Avda. Sada Contornos, camiño Cemiterio ata Avda. do Porto.-

4º.- Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía.-

Control de Órganos de Goberno:

5º.- Informes e comunicacións.-

6º.- Mocións.-

7º.- Rogos e preguntas.-

O que se comunica para os correspondentes efectos.-

Sada, o Secretario acctal., Juan Esteban Méndez Leiva.-



NÚMERO 10/19

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 13 DE AGOSTO DE 2019.

Na Casa do Concello de Sada, ás vinte horas do día trece de agosto de dous mil dezanove, reúnese o Pleno do Concello en sesión ordinaria que se celebra en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, estando presentes os/as sres./sras. concelleiros/as D^a. María Pilar Taibo Fernández, D. Xosé Fernando Fariña Andrade, D^a. Rebeca Mouriño Neira, D. Francisco Xosé Montouto Pérez, D^a. Ana Paola Mondaca González, D^a. María Soraya Salorio Porral, D^a. María José García Freire, D^a. María Carmen Pose Varela, D. José Luis Tellado Villares, D. Manuel López Losada, D^a. Raquel Bolaño Fariñas, D^a. María Pardo Fafián, D^a. Isabel Reimúndez Suárez, D^a. Laura Rodríguez Pena, D^a. María Nogareda Marzoa e D. Breogán Blanco González, asistidos polo Secretario Accidental da Corporación, D. Juan Esteban Méndez Leiva. Está presente a Interventora Accidental, D^a. María Jesús Ramos Esperante.-

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese ao exame dos asuntos da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1º.- Aprobación da acta da sesión anterior, núm. 10/2019.-

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, núm. 10/2019, do 16 de xullo de 2019.-

2º.- Festas locais para o calendario laboral do 2020.-

O sr. Alcalde comenta a proposta de substitución de San Roque pola Virxe do Carme, por coincidir en festivo, ao igual que San Xoán que será festivo autonómico.-

A sra. Nogareda Marzoa anuncia o seu voto a favor.-

A sra. Reimúndez Suárez comenta que o voto do seu grupo igualmente será a favor.-

A sra. Bolaño Fariñas anuncia que, como xa se pronunciou na Comisión Informativa Xeral, o seu voto será a favor, pero quere facer unha reflexión, dado que a procesión da Virxe do Carme se celebra o sábado, de ahí que sería conveniente outras datas, porque entre semana os mariñeiros saen a faenar, polo que comenta que sería necesario unha revisión para os próximos anos.-

A sra. Salorio Porral lembra que, como xa salientou na Comisión Informativa Xeral, durante moitísimos anos o 16 de xullo foi festividade local e que foi substituído porque ese día, ao caer entre semana, os mariñeiros ían a faenar, como sucederá no ano 2020.-

Debatido o asunto, adóptase por unanimidade de votos a favor (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV) o seguinte acordo:

Propoñer para a súa inclusión no Calendario Provincial de Festas Laborais para o ano 2020 as datas seguintes: o 25 de febreiro (martes de Entroido) e o 16 de xullo (festividade da Virxe do Carme).-

3º.- Comparecencia no Procedemento Ordinario 0000752/2019 sobre a restitución da propiedade do Pazo de Meirás.-

O sr. Montouto Pérez comeza indicando que no mes de xullo a Avogacía do Estado interpuso unha demanda na que pedía a propiedade do Pazo de Meirás. Engade que tanto a Deputación Provincial como a Xunta de Galicia realizaron senllos informes, pero foi o Goberno de Pedro Sánchez o que presentou a demanda. Lembra que en agosto de 2017 se celebrou unha sesión plenaria extraordinaria sobre a Proposta de asunción e xestión pública municipal do réxime de visitas do Pazo de Meirás e medidas complementarias, e que se trata de ser consciente da memoria histórica, da importancia de non manter unha vergoña histórica, para o cal se pretende incorporar ao patrimonio público e pór en valor o Pazo de Meirás. Trátase dunha demanda histórica porque se fixo un negocio fraudulento. Eles sempre solicitaron que fóra anotada preventivamente no Rexistro da Propiedade para salvar os dereitos dos posibles adquirentes de boa fe. Dende 1975 engade que a familia Franco nunca foi posuídora de boa fe do Pazo, e que vista a demanda na que, no terceiro outrosí, se di que se solicita que se notifique a demanda ao Concello da Coruña, ao Concello de Sada e á Deputación Provincial da Coruña, e considerando que o Pazo se atopa na parroquia de Meirás, no termo municipal de Sada, e que a súa incorporación ao patrimonio público do Estado, que o que se pretende coa interposición da antedita demanda, posibilitaría a súa posterior cesión ao Concello de Sada, ben directamente, ou ben mediante o convenio correspondente segundo o uso que sexa recollido nun convenio suscrito entre ámbalas dúas partes, para destinalo a uso dotacional público (PXOM).-

A sra. Nogareda Marzoa subscribe totalmente o dito e non engade nada.-

A sra. Rodríguez Pena apoia a postura da Avogacía do Estado e da Xunta de Galicia e do Concello de Sada, termo municipal onde se ubica o Pazo de Meirás, o ben expoliado, polo que entende que por xustiza, compromiso e sentimento común se debe aprobar este punto.-



A sra. Bolaño Fariñas anuncia que, como xa se pronunciou na Comisión Informativa Xeral, o seu voto será a favor, pero quere sinalar que sexa tarde ou non, por cuestións da restitución do ben, entenden que o Concello de Sada se persone.-

A sra. García Freire plantexa deixar sobre a Mesa este punto. Considera que, aínda que o seu grupo municipal non representa un terzo da Corporación Municipal, levan catro anos, durante o anterior mandato, no que si tiñan sete Concelleiros e tiveron constantemente falta de información. Procede a dar lectura á solicitude de informe de Secretaría instada o 9 de agosto de 2019 (rexistro de entrada núm. 5601/2019). Continúa sinalando a denegación de información, e que se trata dunha demanda suficientemente reforzada, ademais cuns avogados potentes como os da Avogacía do Estado e os Letrados da Xunta de Galicia, seguindo as conclusións do Comité de Expertos. Suliña que na proposta de acordo se refire, dentro dos gastos económicos que pode conlevar adherirse á demanda, á restitución da posesión ao seu lexítimo propietario, previa liquidación, de ser o caso, do estado posesorio. Considera que existen problemas máis importantes para a veciñanza de Sada que cómpre solucionar, como son: a praia de Sada, o edificio do *Náutico*, os aparcamentos, etc. Conclúe que existe unha falta de información, polo que anuncia que o seu grupo municipal non votará.-

O sr. Montouto Pérez resposta que non lle sorprende a postura do PP, e refírese que a referencia á liquidación posesoria é unha das causas do personamento do Concello de Sada, porque el non está de acordo con esta cuestión, e considera que a Corporación Municipal deberá incidir e introducir cuestións coma esta, para facer valer a memoria histórica, a memoria dos represaliados; que o PP no Parlamento de Galicia votou a favor neste punto e conclúe indicando que en relación ao informe xurídico, se ben existe un ditame xurídico, pero non existe obriga, pola representación que ten o grupo municipal do PP, de facer o dito informe.-

A sra. García Freire considera que eles necesitan un informe asinado que avale a súa decisión, porque se trata dun proceso longo, con custes, polo que considera que é preciso a necesidade de informes que avalen este tema.-

O sr. Alcalde comenta que o Concello de Sada é unha parte activa na demanda, e que eles sempre están na vangarda da loita pola dignidade e pola memoria histórica.-

Debatido o asunto, adóptase por 12 votos a favor (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV), ningún voto en contra e ningunha abstención (os 5 concelleiros do PP non votan) o seguinte acordo:

Que en cumprimento do previsto no artigo 13 en relación co artigo 7.4 da Lei 1/2000 de 7 de xaneiro, de axuízamento civil, que o Concello se persone no Procedemento Ordinario núm. 0000752/2019, seguido no Xulgado de 1ª Instancia núm. 1 de A Coruña, como parte coadxuvante adhesiva, coa asistencia do letrado D. Miguel Torres Jack, e da procuradora Dª. Belén Casal Barbeito, incluídos no poder xeral outorgado pola Corporación no seu día, seguindo o procedemento en tódolos seus trámites, incidentes e recursos sen necesidade de nova resolución.-

4º.- Solicitude de compatibilidade da funcionaria María Saladina Mosquera Román.-

O Secretario Accidental dá lectura ao Dictame da Comisión Informativa Xeral indicando que se engade un inciso final no apartado 1º da parte resolutiva, que literalmente expresa: “condicionado á acreditación documental posterior da xornada de traballo realizada na empresa privada (contrato de traballo”).-

A sra. Nogareda Marzoa anuncia o seu voto a favor.-

A sra. Reimúndez Suárez comenta que o voto do seu grupo igualmente será a favor.-

A sra. Bolaño Fariñas anuncia tamén que o seu voto será a favor.-

A sra. Salorio Porral sinala que, á vista do informe do Secretario Accidental, quere que se lle aclare se é necesario que este asunto veña a Pleno.-

O sr. Secretario Accidental explícalle que, segundo a normativa actualmente vixente, é preciso que a compatibilidade da funcionaria de carreira sexa aprobada polo Pleno da Corporación Municipal.-

Debatido o asunto, adóptase por unanimidade de votos a favor (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV) o seguinte acordo:

1º.- Autorizar a compatibilidade solicitada pola funcionaria municipal Dª. María Saladina Mosquera Román, ordenanza, coa realización de traballos de limpadora, para unha empresa privada, en horario de tarde, fóra da súa xornada laboral, e por entender que non se impide ou menoscaba o estrito cumprimento dos seus deberes, condicionado á acreditación documental posterior da xornada de traballo realizada na empresa privada (contrato de traballo).-

2º.- Notificar este acordo aos interesados e comunicar a presente autorización de compatibilidade ao Consello Superior da Función Pública, aos efectos do establecido na disposición adicional 3ª da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.-

5º.- Modificación de crédito 21/19. Crédito extraordinario 02/2019: Crédito para expedientes de recoñecemento extraxudicial.-



CONCELLO
DE
SADA
(A CORUÑA)

O sr. Alcalde comenta que se trae a Pleno un expediente de modificación de créditos para que, con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais, se aprobe un expediente de recoñecemento extraxudicial. Engade que esta mesma mañá se incorporou un informe de Intervención porque había un erro na suma das contías.-

A sra. Bolaño Fariñas considera que este expediente demostra que hai erros nos políticos e nos funcionarios que producen que os provedores do Concello de Sada nalgúns casos cobren con moito retraso, noutros casos pode ser que a factura fora presentada a finais de decembro do ano pasado, polo que o seu grupo se absterá.-

A sra. Pose Varela di que se trata da vixésimo primeira modificación do orzamento, e que isto é debido a que a día de hoxe non existe presuposto aprobado para este exercicio, se ben o sr. Alcalde se comprometeu no anterior mandato a levar un orzamento a Pleno, e que este punto é resultado de que existen factura pendentes de pagamento no caixón, polo que existe un saldo pendente. Critica que hoxe mesmo se lles enviase un informe de Intervención corrixido, que no foi remitido coa antelación suficiente, pero, en calquera caso, lembra que se debe pagar para non prexudicar aos provedores e anuncia que o seu grupo se absterá.-

O sr. Alcalde comenta que se trata de recuperar o que xa foi pagado.-

Debatido o asunto, adóptase por 10 votos a favor (6 SM, 2 BNG e 2 AV), ningún voto en contra e 7 abstencións (5 PP e 2 PSOE) o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 21/2019, de crédito extraordinario financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais, debendo ser incrementados os créditos correspondentes ás aplicacións que se detallan a continuación por un importe global de 390.940,04 €:

Estado de gastos:

FUNCIONAL	ECONÓMICA	IMPORTE			
			311	22400	133,92
132	21400	518,75	312	21200	799,73
132	22199	19,60	326	22609	1.131,35
132	22200	33,21	326	22799	2.854,50
132	22203	60,50	330	22199	1.992,87
132	22401	564,73	333	21200	1.692,63
132	62600	513,82	333	21300	1.506,17
135	22199	116,00	333	22103	3.900,00
135	22200	21,78	333	22199	126,45
135	22203	95,59	333	22700	10.405,74
151	22104	25,41	337	21000	58,08
151	22200	100,27	337	22102	6,74
151	22706	4.235,00	338	22626	16.981,60
160	20400	137,22	338	48000	13.953,49
160	21000	3.591,42	341	22609	3.768,21
160	21300	4.031,32	341	48000	73.997,26
160	21400	1.265,37	342	21200	2.858,61
160	22100	419,78	342	22199	151,49
160	22104	296,45	432	22200	6,05
160	22199	289,92	432	22602	2.266,33
160	22706	8.042,27	432	22609	112,50
160	22799	7.345,80	453	21000	3.151,81
160	61900	14.006,29	453	21001	634,09
161	60900	1.984,40	453	22706	3.327,50
164	21000	36,35	453	61900	11.085,85
164	22199	150,10	491	22200	83,06
165	21000	5.567,99	912	22601	870,50
165	22100	5.377,88	912	22602	1.089,00
165	22799	845,79	1532	21000	7.657,05
165	60900	1.343,10	1532	60900	4.748,79
171	21000	1.101,28	1532	61900	12.463,11
171	21500	199,89	1722	21300	1.702,95
171	22799	580,80	1722	22199	98,35



CONCELLO
DE
SADA
(A CORUÑA)

2310	22199	27,56
2310	22601	175,00
2310	22799	1.160,00
2310	46700	23.750,00
2310	46701	3.525,37
2310	48000	654,16
2310	48016	3.000,00
2311	22646	9.706,03
2410	22200	12,10
3230	21200	1.733,20
3230	21300	327,49
3230	22100	1.672,95
3230	22104	42,35
3230	22199	564,19
3230	22200	21,78
3230	22203	37,51
3230	22706	1.210,00
3230	62500	1.996,68
3231	21300	192,60
3231	22200	21,78
3231	22203	37,51
3231	22706	3.025,00
3231	22799	603,89

3231	46700	17.100,00
3321	22700	2.244,57
3340	22609	6.937,16
3340	22620	2.700,00
3340	22799	1.058,75
3340	48000	17.954,63
3342	22699	1.022,00
4311	22612	15.317,43
9200	21200	4,61
9200	22001	139,36
9200	22100	344,03
9200	22200	264,06
9200	22203	59,29
9200	22402	357,73
9200	22603	219,35
9200	22604	12.392,25
9200	22700	555,48
9200	22799	341,00
9200	48000	1.500,00
9201	21300	4.041,66
9201	22199	4.091,67
9201	22799	264,00
TOTAL		390.940,04

Estado de ingresos:

Subconcepto	Denominación	Importe
87000	<i>Remanente de tesourería para gastos xerais.</i>	390.940,04



Segundo.- Dispor, en aplicación dos artigos 177 e 169 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, a exposición ao público durante 15 días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Se transcorrido o dito prazo non se formulasen reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.-

Terceiro.- Publicar, en cumprimento do artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o resumo por capítulos do expediente definitivamente aprobado no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor.-

6º.- Expediente de recoñecemento extraxudicial de gasto 3P/2019.-

O sr. Alcalde comeza sinalando que se trae a Pleno o recoñecemento extraxudicial de gasto 3P/2019.

A sra. Bolaño Fariñas comenta que a notificación e publicación tarde das subvencións reduce a capacidade das asociacións para realizar actividades, polo que urxe para que a súa tramitación sexa o máis axiña posible.-

A sra. Pose Varela sulina que se trata de gasto de exercicios anteriores e que estamos diante de subvencións que a día de hoxe aínda non foron abonadas.-

Debatido o asunto, adóptase por 12 votos a favor (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV), ningún voto en contra e 5 abstencións (5 PP) o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobado a xustificación das subvencións para a organización de festas patronais parroquiais en réxime de concorrencia competitiva para o exercicio 2018, segundo o detallado na proposta da comisión de avaliación e informes do departamento de cultura, polo importe global de 13.953,49 €.-

Segundo.- Aprobado a xustificación das subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a organización de actividades culturais de interese xeral, en réxime de concorrencia competitiva para o exercicio 2018, segundo o detallado na proposta da comisión de avaliación e informes do departamento de cultura, polo importe global de 17.954,63 €.-

Control de Órganos de Goberno:

7º.- Informes e comunicacións.-

O sr. Alcalde dá conta ao Pleno da Corporación das resolucións ditadas pola Alcaldía-Presidencia no período comprendido entre o 21-04-2019 e o 14-06-2019 (anterior mandato) e entre o 15-06-2019 e o 07-08-2019 (actual mandato), que por problemas informáticos lles foron remitidos en dúas relacións e a maiores, tamén recibiron dezasete arquivos individuais con cadansúa resolución.-

8º.- Mocións.-

O sr. Alcalde comenta que non consta que se tivera achegado no Rexistro Xeral moción ningunha.-

9º.- Rogos e preguntas.-

O sr. Alcalde comeza indicando que existe un rogo presentado polo Rexistro Xeral o 9 de agosto de 2019 (registro de entrada núm. 5602/2019) pola sra. Salorio Porral no que solicita a actualización das asignacións aos Concelleiros e Concelleiras sen dedicación en proporción á actualización das asignacións aos Concelleiros e Concelleiras con dedicación. Continúa sinalando que esa actualización se producirá cando se modifiquen as bases de execución do Orzamento, e que se terá en conta a actualización das contías pola asistencia á Comisión Informativa Xeral, á Comisión Especial de Contas e de Facenda, ao Pleno da Corporación Municipal, etc.-

1ª) A sra. Pardo Fafián pregúntalle á sra. Concelleira delegada do servizo de Cultura se se tivo en conta o informe en materia de prevención de riscos laborais que salientaba as eivas para a instalación das barracas nas festas patronais durante os anos 2016, 2017 e 2018 na Praza Irmáns Suárez Picallo e quen foi a persoa encargada desa responsabilidade.-

A sra. Mondaca González dille que lle responderá por escrito en relación a ese informe de seguridade.-

2ª) A sra. Pardo Fafián pregúntalle á sra. Concelleira delegada do servizo de Cultura pola barra do bar, que parece ser que non a houbo, coa conseguinte perda de ingresos, e quere saber se foi unha licitación aberta, e se incluía o catering e qué repercusión tivo nas arcas municipais.-

A sra. Mondaca González anúncialle que houbo dúas licitacións que quedaron desertas, e lle responderá igualmente por escrito en relación a este asunto.-

3ª) A sra. Pardo Fafián pregúntalle ao sr. Concelleiro delegado de Urbanismo, Vivenda e Medio Ambiente acerca de se ten coñecemento dun depósito de entullo de obra na Prolongación da Avenida de Posse, por parte dun adjudicatario de obras, a quen se lle permite un recheo sen ningún título habilitante para estar a crear un vertedoiro.-

O sr. Montouto Pérez anúncialle que lle responderá por escrito este asunto.-

4ª) A sra. Pardo Fafián pregúntalle ao sr. Alcalde cal é a dotación de efectivos no Corpo da Policía Local de Sada no servizo ou quenda nocturna, e se existe un problema de seguridade cidadá no Concello de Sada.-



CONCELLO
DE
SADA
(A CORUÑA)

O sr. Alcalde respóndelle que os cadrantes de servizo no Corpo da Policía Local están realizados en coordinación coa Garda Civil, e afirma que non existe ningún problema de seguridade en Sada.-

A sra. Pardo Fafián dille que cando se produciu un roubo a un local de hostalaría en Sada, do que ela ben coñece, non había servizo nocturno da Policía Local.-

O sr. Alcalde respóndelle que os presuntos autores do roubo foron detidos en Ferrol pola Garda Civil do posto de Sada.-

5ª) A sra. Bolaño Fariñas aproveita para dar a benvinda aos/ás novos/as concelleiros/as e indica que ten dúas preguntas e un rogo. A primeira pregunta, relacionada coa terceira edición do Día da Xuventude, é por qué as actividades ían orientadas a cativos e cativas de 0 - 11 anos e non a xuventude comprendida no intervalo de 12 - 30 anos, e por que o horario foi só das 17:00 ás 21:00 horas.-

A sra. Mouriño Neira respóndelle que se trata dunha festa preparada antes do anoitecer, polas festas de cores, e que estaba pensada para a mocidade de 12 anos en adiante e tamén para os máis cativos.-

6ª) A sra. Bolaño Fariñas pregunta por que o Concello de Sada non dá unha información máis fluída á cidadanía e por que ás veces a información non está publicada.-

1º) A sra. Bolaño Fariñas rógalle ao Goberno Municipal que dialogue, porque considera que existe falta de diálogo.-

2º) A sra. Pardo Fafián rógalle ao Goberno Municipal que se tomen as medidas pertinentes cunhas árbores moi grandes que existen na Avenida de Posse e nas rúas dos arredores.-

3º) A sra. Pardo Fafián rógalle ao Goberno Municipal que, por seguridade das persoas, se poden as árbores situadas nas praias, no paseo marítimo, e na rúa Praia, e que igualmente presentan sucidade, así como que o Concello de Sada arranxe a instalación dos puntos de luz, manteña as beirarrúas, repare os bordos con puntos cortantes, etc.-

1º) A sra. García Freire rógalle ao Goberno Municipal que no portal de transparencia e na páxina web municipais aparezan non só ás Áreas de Goberno, senón tamén todos os membros que conforman a Corporación Municipal, coas declaracións achegadas aos Rexistros de bens e de intereses correspondentes.-

1ª) A sra. Pose Varela pregúntalle ao sr. Alcalde que ten pensado facer coa Praia das Delicias, polo problema de intoxicación e por que cando os resultados son negativos non se iza a bandeira vermella, e se a contaminación chegou á praia de Arnela que medidas se adoptaron.-

O sr. Alcalde respóndelle que a bandeira vermella non é para a contaminación, senón para a seguridade. Continúa sinalando que dende 2015 se ten constatado que se orixina un foco intermitente pero non queda demostrado que teña a súa orixe no termo municipal de Sada. Engade que o Concello de Sada está a levar tres análises en 4 puntos xeográficos do termo municipal, e conclúe que están moi preocupados polos resultados obtidos este ano e que á praia de Arnela a contaminación foi un problema moi puntual, e que non existe ningún foco de intoxicación na mesma.-

2º) A sra. Salorio Porral rógalle ao Goberno Municipal que lle facilite unha copia da alegación presentada polo Concello de Sada á "Avaliación preliminar do risco de inundación demarcación hidrográfica Galicia-Costa", por tratarse dunha zona inundable, e existir un risco de inundación estean abertas ou pechadas as comportas.-

Non habendo outros asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas minutos do día ao comezo indicado, o sr. Alcalde levanta a sesión, da que se estende esta acta. Do que eu, o Secretario Accidental, dou fe.-

A través da páxina web do Concello pódese acceder aos arquivos asinados dixitalmente por este Secretario Accidental que conteñen a gravación de imaxe e son desta sesión, coas distintas intervencións dos participantes.-

Url: https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html